



Concello de Outeiro de Rei

TEXTO REFUNDIDO DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE OS BENS INMOBLES

Artigo 1: Feito imponible e supostos de non suxeizón e exención.

O feito imponible do imposto, así coma os supostos de non suxeizón e exención, serán os regulados nos artigos 61 e seguintes do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Asemade, quedarán exentos de tributación no Imposto os recibos e liquidacións correspondentes a bens inmobles rústicos e urbáns cuxa cuota líquida agrupada de tódalas cuotas relativas a un mesmo suxeto pasivo referentes a bens rústicos e urbáns sitios neste municipio sexa inferior a 3 euros.

Artigo 2: Tipo de gravamen.

Os tipos de gravamen serán os seguintes:

Para bens inmobles urbáns o 0,45 por 100.

Para bens inmobles rústicos o 0,40 por 100.

Para bens inmobles de características especiais o 0,6 por 100.

Artigo 3: Bonificacións postestativas.

As vivendas que constitúan a residencia habitual de familias numerosas gozarán dunha bonificación na cota íntegra do imposto, de acordo coas seguintes categorías:

-Xeral: bonificación do 50% para aqueles suxeitos pasivos titulares de familias numerosas con tres ou catro fillos, ou que, tendo dous fillos, un deles teña un grado de minusvalía superior ao 66%.

-Especial: bonificación do 75% para aqueles suxeitos pasivos titulares de familias numerosas de máis de catro fillos.

Aos efectos da clasificación na categoría xeral ou especial anterior, estarase ao disposto na Lei 40/2003, do 18 de novembro, de Protección de Familias Numerosas.



Concello de Outeiro de Rei

Terá a consideración de vivenda habitual a que figure como residencia no Padrón Municipal.

Os suxeitos pasivos do imposto deberán presentar, xunto coa solicitude de bonificación, os documentos oficiais acreditativos da súa condición de familia numerosa.

Ao abeiro do disposto no artigo 9 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, terán dereito a unha bonificación do 2 por cento da cota íntegra do imposto aqueles suxeitos pasivos que domicilien os seus pagos nunha entidade financeira.

Artigo 4: Xestión tributaria.

A xestión tributaria do imposto se atinxirá ao disposto, con carácter xeral, na Lei Xeral Tributaria.

A xestión do imposto poderá ser delegada polo Concello de Outeiro de Rei na Deputación Provincial de Lugo. Neste suposto, a xestión tributaria se rexirá polo disposto nas ordenanzas fiscais da Deputación Provincial”.

En consontes co texto legal citado, iníciase un período de información pública de 30 días, durante calquera persoa poderá alegar o que estime convinte á defensa dos seus dereitos e intereses. Transcurrido o citado prazo sen que se presentara reclamación ou alegación algunha, entenderase aprobado definitivamente.

[Ordenanza aprobada na sesión plenaria deste concello de data 27/10/16. Publicación aprobación definitiva no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, núm. 299 de 30/12/2016].